

Explotación do Rexistro de gando bovino. Ano 2003

COMUNICADO

MANTENSE O NÚMERO DE EXPLOTACIÓNS MENTRES OS EFECTIVOS SEGUEN AUMENTANDO


O número de efectivos segue a súa tendencia ao alza

No marco de actuación do Plan Galego de Estatística 2002-2006, en particular no Programa Anual do 2004, figura a actividade estatística número 3.5.1. Explotación do Rexistro de Gando Bovino. Esta actividade persegue coñecer-lo número e características das explotacións de bovino galegas a partir dos datos recadados da Campaña de Saneamento Gandeiro, levada a cabo pola Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural. A explotación deste rexistro administrativo permite a obtención de datos provinciais, comarcais e municipais e a caracterización das explotacións segundo tipoloxía e número de animais.

Nesta ocasión o proceso de revisión sanitaria permitiu o control de 1.045.478 bovinos nun total de 63.978 explotacións, distribuídos nas seguintes clases:

Vacas de muxidura:	544.371	(52,07 %)
Vacas non de muxidura:	320.193	(30,63 %)
Outros bovinos:	180.914	(17,30 %)

Mentres que o número de explotacións permanece case constante con respecto o ano anterior, o número de vacas segue a súa traxectoria ao alza cun incremento de 11,24% con respecto a campaña anterior, pasando pois, de 12,23 vacas por explotación de vacún a 14,43.



O número de explotacións con máis de 50 bovinos por explotación representa un 7,75% das explotacións totais, fronte ao 6,3% do ano anterior. Pero o maior número de explotacións de vacún séguese a concentrar nos estratos inferiores a 10 animais, situación moito máis acusada nas explotacións de tipo non muxidura cun 67,46% das explotacións e nas de cebo case que un 45%. Nas explotacións de tipo muxidura os estratos están máis equilibrados, sobre todo para as explotacións con menos de 100 animais, onde se atopan preto do 100% das explotacións de leite, repartidas de forma case que homoxénea entre estes 7 primeiros estratos, xa que para estratos maiores só se concentra o 2,5 das explotacións.

Tamén nas explotacións de leite o número de vacas aumenta, máis que en calquera outra tipoloxía, a medida que aumenta a dimensión da explotacións, segue sendo a tipoloxía máis especializada en Galicia. De feito nas explotacións de leite os bovinos distintos das vacas reducíronse respecto da campaña anterior case a metade, pasando de 86.081 a 51.364 efectivos.

Ourense e Pontevedra seguen a ser as provincias con menos explotacións e menor número de efectivos

Nunha análise provincial destacaríamos que Ourense segue a ser a provincia cun menor número de explotacións e de efectivos (4.496 explotacións e 65.302 bovinos) , máis é Pontevedra a provincia cun menor número de bovinos por explotación, 7,9, seguida por Ourense con 14,52 . Nestas dúas provincias predominan as explotacións de non muxidura, cun maior peso en Ourense.

Nas outras dúas provincias o reparto do número de explotacións entre muxidura e non muxidura e máis equilibrado, aínda que cunha clara tendencia á especialización leiteira, xa que o número de vacas de leite e moi superior, como pode apreciarse no seguinte resume:

		Nº exp	Vacas de muxidura	Vacas non de muxidura	Outros bovinos	Total bovinos
CORUÑA	Muxidura	10.138	228.709	18.835	25.300	272.844
	Non muxidura	12.291	5.348	76.332	25.586	107.266
	Cebo	289	161	1.022	5.127	6.310
LUGO	Muxidura	7.934	232.717	16.291	19.161	268.169
	Non muxidura	12.418	5.196	139.908	47.136	192.240
	Cebo	172	243	1.833	10.988	13.064

En canto á distribución por concellos, A Coruña e Ourense seguen a ser as que teñen as explotacións mais espalladas ó longo das provincias. En Pontevedra e Lugo seguen a concentrarse nos concellos de Lalín e A Estrada na primeira e en Vilalba no segundo caso.

Para o total de Galicia o concello con maior número de explotacións e Vilalba con 1.257 seguida moi de preto por Lalín con 1.217, tamén é Lalín o concello co maior número de vacas de muxidura e Vilalba en número de vacas de non muxidura.

Por comarcas, máis do 20% das vacas de muxidura da provincia da Coruña concéntranse na comarca de Ordes, así mesmo esta comarca é a que centra un maior número de explotacións 3.318, seguida da de Santiago con 2.440 e de Bergantiños con 2.200.

En Lugo destaca Terra Chá con 5.061 explotacións, despois Lugo con 3.322 e Sarria con 2.337. Terra Chá concentra case o 25% das explotacións de Lugo e o 32,5% das vacas de muxidura.

Nas comarcas ourensás as explotacións están moito máis repartidas, nembargantes sobresaen O Carballiño con 617 explotacións, A Limia e Ourense, aínda que xuntas as tres só suman 1500 explotacións.

A comarca do Deza reúne o 90% das vacas de muxidura de toda a provincia e o 30% das explotacións. Destacan tamén Pontevedra e Vigo, comarcas cun maior peso na tipoloxía de non muxidura, así como Tabeirós-Terra de Montes, O Salnés e Caldas, xuntas as seis suman o 97% das explotacións da provincia.

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Comunicados en : <http://www.ige.xunta.es>
e-mail: ige@xunta.es